gal 1

A partir de mediados dos anos 70 ábrese na literatura galega, e particularmente na lírica, un abano de temas, voces e tendencias que se prolongará ata comezos do seguinte século. É significativa a eclosión de mulleres escritoras e a incorporación á linguaxe poética de elementos doutras artes (cine, música, artes plásticas…). Serán características comúns deste período: - Apertura temática, cunha gran diversidade; nun primeiro momento, cunha inclinación ao culturalismo (referencias culturais clásicas, da mitoloxía, doutras literaturas e doutras artes) e cunha actitude cosmopolita; e xa desde os 90, un certo regreso ás temáticas sociais e outros como o erotismo, a reivindicación feminista, a reflexión sobre a propia linguaxe poética etc. - Incorporación plena ao texto poético de elementos procedentes doutras artes: musicais, plásticas, cinematográficas… - Preocupación pola forma, con especial atención á lingua (buscan un código elaborado e exploran novos terreos de mestura de xéneros). - Incorporación dun punto de vista de xénero na literatura creada por mulleres, que se incorporan masivamente ao sistema literario. No xénero poético a transformación xorde no ano 1976. A aparición de dous textos innovadores no campo literario será determinante para marcar un cambio de rumbo respecto ao realismo social que caracterizara a fin do período anterior e unha diversificación temática e formal. Os dous poemarios foron publicados polo mesmo selo, Rompente edicións, e son da autoría de Xosé Luís Méndez Ferrín (Con pólvora e magnolias) e de Alfonso Pexegueiro (Seraogna). Aínda que non son similares, os dous teñen en común a superación do canon social realista da época a través dunha revisión da vangarda. A nivel estilístico apostan por un tipo de poesía que dialoga con outros campos culturais contemporáneos. Nesta mesma etapa de finais dos 70 tamén xorden novas apostas como a escritura grupal con experiencias como a do colectivo Rompente (Antón Reixa, Alberto Avendaño, Pexegueiro, Romón…), caracteriazado polas propostas innovadoras: temas urbanos, aposta pola cultura de masas cun ton irónico e irreverente, que conecta poesía, música, artes plásticas, audiovisuais…; e tamén antoloxías de autores con afinidades comúns como Cravo Fondo (Ramiro Fonte, Helena Villar, Xesús Rábade Paredes) ou Alén. Cun carácter marcadamente rupturista nace tamén o grupo Ronseltz xa a mediados dos oitentaAs dinámicas e cambios de canon no campo literario galego podemos organizalas cronoloxicamente, pero non por idades dos autores. Así, observamos como co paso das décadas xorden propostas poéticas nas que conviven diferentes xeracións. XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN Nacido en Ourense, en 1938, considérase un dos autores actuais máis relevantes da literatura galega. Foi fundador do grupo de intelectuais “Brais Pinto” en Madrid e mantivo ao longo da súa vida unha intensa actividade política na Unión do Povo Galego (UPG), de signo marxista. A súa poesía iniciouse na liña do pesimismo existencial da Escola da Tebra con Voce na néboa (1957). A súa obra Con pólvora e magnolias publicada en 1976 será a que marque o cambio de rumbo á nova etapa tras a Ditadura. A estética rupturista do propio libro (cadrado e editado con papel de envolver), cun prólogo de xénero poético de Pexegueiro, marca unha nova liña na edición poética. O libro está organizado en tres partes: unha primeira con poemas nos que expón as súas propostas ideolóxicas e estéticas; unha segunda coa serie “Triste Stephen”, de carácter máis intimista; e unha parte final co poema “Reclamo a liberdade para o meu pobo”. Malia a aparente heteroxeneidade, hai dúas liñas temáticas predominantes que xa se apuntan no título: a política reivindicativa-combativa (a pólvora) e a íntima e estética (as magnolias). Un dos elementos que vertebra a obra é o dinamismo, a idea de movemento como progreso e calquera cousa que o deteña será valorada negativamente ou como antirrevolucionaria.